

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 1º ED. PRIMARIA

MATERIA:

RELIXIÓN

DEPARTAMENTO:

RELIXIÓN

DATA:

08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	4
4. Información e publicidade	4

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.	1.1. Coñece, respecta e coida a obra creada. 1.2. Expressa con palabras propias o asombro polo que fai Deus.
Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	2.1. Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	3.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é quen de falar con Deus. 3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.
Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo. 1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración etc.
Recoñecer e estimar que Xesús se fai home no seo dunha familia.	1.1. Identifica a María e a Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes. 1.2. Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.
Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o amor polos homes na vida de Xesús.	2.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes na vida de Xesús.
Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	3.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Cristo.
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares.	2.1. Expressa o respecto ao templo como lugar sagrado.
Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise das producións e traballos do alumnado, é dicir, das tarefas escritas realizadas polo alumnado.
	Instrumentos: Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
Cualificación final	Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cada 15 días aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizouse unha planificación da materia con envío de actividades de repaso e reforzo dos contidos previamente traballados. As distintas actividades estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para aquel alumnado que teña problemas de conectividade, farase unha coordinación co equipo directivo, para que se lle entreguen as actividades e os recursos necesarios para que poida, na maneira do posible, continuar co desenvolvemento da súa aprendizaxe.
Materiais e recursos	Fichas seleccionadas previamente pola docente.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico.
Publicidade	Páxina web do centro.

